



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do Convenio Colectivo da empresa CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A., para o centro de traballo de Robra-Outeiro de Rei (Lugo)-anos 2020 a 2023, (Código 27000622011992), asinado o día 1 de xullo de 2021, pola representación da empresa e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de xullo de 2021.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

Convenio colectivo da empresa

CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A.

para o centro de traballo de Robra-Outeiro de Rei

(Lugo). Anos 2020 a 2023

CAPÍTULO I.- IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES. DEREITOS LINGÜÍSTICOS

I.- Todo o persoal de CAPSA Robra asume coma propios os principios de non discriminación e igualdade de trato por razóns de sexo, estado civil, idade, orixe racial ou étnico, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación ou identidade sexual, diversidade funcional, enfermidade, así como por razón de lingua; en aplicación ao disposto no plan de igualdade elaborado pola empresa.

Todo o persoal de CAPSA Robra está en contra de toda conduta que atente ao respecto e á dignidade persoal mediante a ofensa, verbal ou física, por motivos de sexo, idade, orixe racial ou étnico, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación ou identidade sexual, diversidade funcional, enfermidade, así como por razón de lingua.

II.- O idioma dun pobo constitúe un dos seus sinais de identidade fundamentais e un dos seus patrimonios máis prezados, así como a base das súas relacións humanas. Galicia conta co privilexio de ter unha lingua antiga e rica, que é a nosa obriga coidar e potenciar.

Todo o persoal de CAPSA Robra ten dereito a desempeñar a súa actividade laboral e profesional en lingua galega.

CAPÍTULO II.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º: Ámbito de aplicación.-

Este convenio afecta a todas as persoas que presten os seus servizos no centro de traballo que Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A. ten en Robra, Outeiro de Rei, Lugo.

Artigo 2º: Ámbito persoal.-

Comprende todas as persoas do centro de traballo nas súas distintas funcións profesionais, excepto os cargos directivos de Director/a Xeral, Directores/as de Departamento e Directores/as de Planta e aquelas persoas pola súa responsabilidade e traballo, a Empresa considere, sempre con responsabilidades de xestión ou dirección (xefes/as de área, xefes/as de sección).

Artigo 3º: Duración e vixencia.-

Para todos os efectos, salvo o referido no artigo 16 sobre a revisión salarial a partir do 31/12/2023, a vixencia deste convenio será do 1 de xaneiro de 2020, e finalizará o 31 de decembro de 2023, pactándose de común acordo que á súa expiración se considerará automaticamente denunciado sen necesidade expresa de denuncia. Á terminación da vixencia deste convenio colectivo e mentres as partes non pacten outro convenio, este quedará prorrogado en todos os seus termos, polo que se seguirá aplicando a parte normativa e retributiva deste convenio.

Artigo 4º: Vinculación á totalidade.-

Este convenio constitúe un todo orgánico e indivisible, polo que os acordos contidos nel unicamente teñen validez considerados conxuntamente. Se algunha das partes fose declarada sen efecto pola xurisdición competente, deberá reconsiderarse no seu conxunto globalmente.

CAPÍTULO III.- RÉXIME RETRIBUTIVO**Artigo 5º: Estrutura salarial.-**

Está constituída polos seguintes conceptos: soldo base, complemento persoal individual de antigüidade e outros pluses.

Artigo 6º: Pagamento de salarios.-

O pagamento dos salarios correspondentes a cada persoa deberá efectuarse no último día laborable de cada mes. A persoa terá dereito a percibir anticipos á conta do traballo xa realizado sen que chegue o día sinalado para o pagamento.

Artigo 7º: Salario base.-

Establécese un salario base por Funcións Profesións cuxos importes figuran na táboa salarial anexa II.

Artigo 8º: Antigüidade consolidada.-

De acordo co artigo 8 do convenio colectivo de 1998-1999, mantéñense e consolídanse os importes que, por complemento persoal de antigüidade, á data do 1-1-1999, tivese cada persoa, como complemento persoal non absorbible nin compensable, non xerándose máis quinquenios a partir da devandita data. Os contratos que se realicen ou convertan en indefinidos a partir do 31-12-1998 non devindicarán antigüidade.

Artigo 9º: Gratificacións extraordinarias.-

Gratificacións fixas. Todas as persoas ás que lles é de aplicación este convenio percibirán tres gratificacións extraordinarias anuais (marzo, xullo e decembro), que se percibirán a razón de 30 días de salario base, complemento persoal individual de antigüidade, ou parte proporcional correspondente ao tempo de permanencia na empresa.

Os períodos de devindicación das devanditas gratificacións son os seguintes:

Marzo: 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano anterior.

Xullo: 1 de xullo do ano anterior ao 30 de xuño do ano actual.

Decembro: 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano actual.

O aboamento das pagas extras de marzo e xullo realizarase xunto coa nómina ordinaria nos meses de febreiro e xuño. A paga extraordinaria de decembro seguirase aboando o día 15 de decembro.

Artigo 10º: Plus de produtividade.-

Os persoal deste centro de traballo, cuxa xornada laboral se desenvolva de forma continua, non tendo recollido durante a súa xornada, un tempo de parada regrado, percibirán a compensación recollida en táboas, que se aboará en once mensualidades, nos importes que se indican na táboa salarial anexa III (plus produtividade).

Artigo 11º: Plus de nocturnidade.-

As quendas traballadas durante o período comprendido entre as 10 da noite e as 6 da mañá, salvo que o salario se estableza atendendo a que o traballo sexa nocturno por natureza, terán un plus nocturno fixo para todas as persoas do importe indicado na táboa salarial anexo III (plus nocturnidade), por cada quenda de noite ou a contía proporcional en función das horas nocturnas traballadas.

Artigo 12º: Axudas de custo.-

Establécense os importes indicados na táboa salarial anexo III (axuda de custo comida, axuda de custo almorzo e axuda de custo cea) en concepto de axudas de custo para as persoas en concepto de almorzos, comidas e ceas. A categoría do hotel asignado será como mínimo de 3 estrelas.

A formación impartirase na xornada laboral, en caso contrario será voluntaria. Naqueles supostos nos que a formación se faga fóra da xornada laboral, os gastos de manutención correrán a cargo da Empresa, sempre que

transcorran menos de dúas horas entre a hora de finalización da quenda e o inicio dun curso ou a hora de finalización do curso e o comezo da xornada de traballo.

Artigo 13º: Plus de posto.-

Debido ás características intrínsecas de determinados postos acórdase establecer un complemento de posto para eles segundo táboa anexa III, sendo os seguintes:

- Operadores de esterilizadores e persoal de torre (plus esterilizadores/torre)
- Persoal de mantemento e caldeiras (plus mantemento/caldeiras)

As persoas doutras sección que a empresa incorpore á sección da torre ou esterilizadores percibirán un plus diario de posto segundo táboa anexa III (plus esterilizadores/torre diario).

Artigo 14º: Plus de traballo a quendas e traballo en sábado.-

As persoas que desenvolvan o seu traballo en réxime de quendas percibirán mensualmente un plus polo importe indicado na táboa salarial anexa III (plus quendas).

As persoas ás que na súa xornada ordinaria se inclúan os sábados percibirán o plus de sábados ata o 30 de maio do 2021. A partir do 1 de xuño do 2021 as persoas ás que na súa xornada ordinaria se inclúan os sábados en xornada completa, percibirán o plus de xornada extraordinaria e dispoñerán dun día de descanso.

Artigo 15º: Quebranto de moeda.-

O caixeiro/a ou auxiliar de caixa e cobradores/as percibirán respectivamente, en concepto de quebranto de moeda, a cantidade mensual incluída na táboa salarial anexa III (plus quebranto moeda caixeiro, plus quebranto moeda aux caixa/cobra).

Artigo 16º: Incremento salarial.-

Acórdase que os incrementos durante a vixencia do convenio sexan os seguintes:

Ano 2020: 1%

Ano 2021: 1%

Ano 2022: 1%

Ano 2023: 1%

Os anteriores incrementos serán de aplicación a todos os conceptos salariais, excepto aqueles conceptos salariais nos que se pactaron incrementos lineais e que se retribuirán coas cantidades establecidas para cada un dos anos de vixencia deste convenio, conforme ás táboas salariais, recollidas nos anexos do convenio.

No caso de que o IPC do ano 2022 fose superior ao 1,9%, constituirase a Comisión Negociadora deste convenio tan axiña como se coñeza para revisar o incremento salarial exclusivamente no exceso desde o 01/01/2023. Unha vez coñecido o IPC real do 2023, se supera o 1,9%, constituirase a Comisión Negociadora deste convenio para revisar as táboas salariais exclusivamente no exceso desde o 31/12/2023

Retribución variable (Plus Variable Calidade).-

A maiores do anterior, establécese unha retribución variable para cada un dos anos de vixencia do Convenio, non absorbible nin compensable, ligada á consecución do obxectivo de reclamacións de consumidores/as, de acordo co seguinte criterio:

≤2,5 reclamacións por millón de litros 0,6%

≤3 reclamacións por millón de litros 0,5%

≤3,5 reclamacións por millón de litros 0,4%

≤4 reclamacións por millón de litros 0,3%

Esta táboa revisarase co comité no primeiro trimestre do ano 2022 de cara ao establecemento do variable de calidade para os anos 2022 e 2023 segundo a acta número novena do 3 de maio de 2021 da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Corporación Alimentaria Peñasanta S.A. (centro de traballo de Robra).

O referido índice de reclamacións será aplicable ao volume de litros que se transformen anualmente nas seccións de UHT e Torre.

A 31 de xaneiro de cada ano terase o cociente definitivo do ano anterior. O seu aboamento farase na nómina de febreiro.

Artigo 17º: Prestacións complementarias.-

a) Complemento de IT. Durante o período de prestación por incapacidade temporal, a empresa aboará ata un máximo do 100% do salario regulador, desde o primeiro día da baixa e ata un máximo de 18 meses.

Nos supostos de incapacidade temporal derivada de maternidade, aplicarase o disposto no capítulo IV bis da LGSS.

Nos casos previstos anteriormente, se durante o período de baixa se producisen incrementos económicos de carácter xeral, a empresa pagará, a partir do primeiro día do mes seguinte ao de producirse os devanditos incrementos, a diferenza entre o que corresponda percibir á persoa da Seguridade Social e o que lle correspondería percibir se a baixa fose despois de producirse o citado incremento, sen que en ningún caso a suma de ambas as percepcións poida exceder do tope máximo das bases de cotización á Seguridade Social na data de baixa.

b) Premio de seguridade. Co fin de interesar a todas as persoas da empresa na súa propia seguridade e na das demais por medio dun incentivo económico que premie o esforzo realizado na boa utilización das medidas de seguridade en función da redución de accidentes, mantense o premio de seguridade cos valores que se indican para cada ano na táboa salarial anexa III (premio seguridade) con devindicación mensual.

As contías anteriores serán aplicables a todo o persoal de UHT, extrusión, mantemento, recepción, loxística, torre de secado de leite en po, caldeiras e augas e laboratorio.

O resto de persoas percibirán o importe establecido na táboa salarial anexa III se no transcurso de 365 días non tivo accidentes. Ocorrido un accidente, comezase a contar desde cero por comezo do ciclo ao mes seguinte.

Para asegurar o bo estado dos equipos de traballo e fomentar a cultura de prevención da fábrica, implantarase, durante a vixencia do convenio, un programa de inspeccións de posto. A empresa comprométese a poñer a disposición dos traballadores a lista de chequeo do seu posto tódolos meses. Aquelas persoas que realicen como mínimo unha inspección de posto ao mes recibirán un 0,4% da retribución total anual nunha paga única ao final de ano. Neste proxecto incluírase a todo o persoal da fábrica incluído oficinas.

Artigo 18º: Premio de constancia.-

Cando unha persoa ao xubilarse teña unha antigüidade na empresa mínima aos dez anos, percibirá un premio chamado de constancia, de acordo coa táboa anexa IV. Este premio incrementarase excepcionalmente coas porcentaxes que se especifican a seguir, se a xubilación é solicitada pola persoa ao cumprir respectivamente 60, 61, 62 e 63 anos e dentro dos tres meses seguintes á data na que se cumpran ditas idades.

- Ao cumprir 60 anos: 45%.
- Ao cumprir 61 anos: 40%.
- Ao cumprir 62 anos: 35%.
- Ao cumprir 63 anos: 30%.

En caso de falecemento anterior á xubilación, o/a cónxuxe ou a parella de feito, os fillos/as menores ou maiores con discapacidade, percibirán as cantidades anteriores correspondentes.

Artigo 19º: Axuda escolar.-

Establécese unha axuda para a formación escolar dos fillos/as das persoas en idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas incluídas, excepto os/as que estean a traballar. Será indispensable para os/as que teñan 16 anos acreditar documentalmente que están matriculados/as nun centro escolar con asistencia a clases. A contía mensual por fillo/a é a establecida na táboa salarial anexa III (axuda escolar) durante os 10 meses do curso escolar (setembro a xuño, ambos os incluídos). Esta axuda é para as persoas con ingresos totais brutos inferiores a 2,5 veces o salario mínimo interprofesional.

Artigo 20º: Axuda a persoas con capacidade diminuída.-

Como compensación complementaria á da Seguridade Social, a empresa aboará a axuda polo importe mensual establecido na táboa salarial anexa III (axuda persoas con capacidade diminuída) ás persoas por cada fillo/a ao seu cargo que teña capacidade diminuída física ou psíquica, que lle impida o desenvolvemento de calquera traballo. A clasificación de tales incapacidades será automática nos casos en que así o recoñecese a Seguridade Social e noutro suposto deberá acreditarse suficientemente, supervisado pola Mutua de Accidentes. No caso de que unha persoa, alegando circunstancias que difiren da realidade e esixencias establecidas nestas normas, cobrase axudas, terá a obriga da devolución total dos importes cobrados por este concepto.

Artigo 21º: Acto social.-

A empresa subvencionará o acto social anual da fábrica, nas contías establecidas, para cada un dos anos de vixencia segundo a táboa anexa III (plus acto social).

Artigo 22º: Póliza de seguros.-

Coa finalidade de beneficiar a todas as persoas cunha medida de previsión a favor dos/as familiares que dependan delas, a empresa concertará un seguro colectivo, no que quedarán obrigatoriamente integradas todas as persoas. O devandito seguro rexeráse polas seguintes normas:

a) As persoas de novo ingreso causarán alta como aseguradas o mesmo día de incorporación á empresa.

- b) Causarán baixa ao producirse o cesamento definitivo na empresa.
- c) Non haberá recoñecemento médico previo nin haberá límite de idade.
- d) As contías do devandito seguro a partir do 01.01.2014 serán as recollidas na táboa anexa III.

Artigo 23º: Plus de natalidade e nupcialidade.-

Establécese un premio de natalidade ou adopción e nupcialidade respectivamente polos importes establecidos na táboa salarial anexa III (plus natalidade/nupcialidade) aboables despois da comprobación dos feitos que os fundamenta. Tamén terán dereito ao devandito plus as parellas de feito debidamente acreditadas (rexistradas).

Artigo 24º.- Prezo quilómetro.-

O prezo do quilómetro para todo o persoal con dereito a percibilo é o fixado no anexo III (quilometraxe).

Artigo 25º.- Cesta de Nadal.-

A empresa entregaralles ás persoas que permanezan en alta ao 24 de decembro unha cesta de Nadal de similares características á doutros centros de traballo.

Artigo 26º: Anticipos ao persoal.-

Co fin de axudar as persoas en casos de necesidades xustificables, concederanse cun importe máximo fixado na táboa salarial anexa III (Anticipos) que se devolverán nun prazo máximo de tres anos. Fixarase no tope incluído na táboa salarial anexa III (anticipo total) o montante total de anticipos concedidos e non amortizados. Isto é, non se concederán novos anticipos mentres non se reembolse á empresa a cantidade necesaria para a concesión solicitada, debendo esperar a persoa a que se dispoña destes fondos para gozar do anticipo solicitado.

CAPÍTULO IV.- XORNADA, HORAS EXTRAORDINARIAS, VACACIÓNS E LICENZAS

Artigo 27º: Xornada.-

A duración da xornada será de 40 horas semanais. Na xornada continua farase un descanso intermedio de 20 minutos, que se aboará como tempo traballado.

Desde o 1 de xuño ao 30 de setembro, as persoas de administración exercerán o seu traballo en xornada continua. Estas persoas os días 24 e 31 de decembro farán horario continuado entre as 7.45 e as 14.45 horas.

Co resto de persoas que traballen en quenda de tarde os devanditos días, a empresa comprométese a organizar o traballo de tal maneira que este persoal poida finalizar ás 18 horas. A quenda de noite dos devanditos días non será laborable.

Artigo 28º: Quendas.-

As quendas serán rotativas de mañá, tarde e noite e ningunha persoa estará dúas semanas consecutivas nunha mesma quenda, salvo adscrición voluntaria ou pacto coa representación dos traballadores/as.

Artigo 29º: Horas extraordinarias.-

Con fin de favorecer a creación de emprego, ambas as partes acordan reducir o mínimo indispensable as horas extraordinarias segundo os seguintes criterios:

- 1.- Supresión das horas extraordinarias habituais.
- 2.- Limitación do uso das horas extraordinarias aos casos producidos por causa de forza maior, para previr ou reparar sinistros ou danos extraordinarios e urxentes.

O persoal que traballe por necesidades produtivas unha xornada extraordinaria gozará do correspondente descanso en día laborable, así como da compensación económica establecida na táboa anexa III (plus xornada extraordinaria) e o plus de festivo se procede; o exceso de xornada de catro horas retribuirase na parte proporcional. Isto entrará en vigor o 1 de xuño do 2021.

A dirección da empresa informará mensualmente o comité de empresa do número de horas extraordinarias, especificando a súa distribución por seccións e causas.

Artigo 30: Vacacións.-

Todas as persoas, calquera que sexa a súa función profesional, terán dereito a unhas vacacións anuais retribuídas de 30 días naturais. A retribución no período de vacacións será a seguinte: a retribución fixa máis a media das retribucións variables dos tres meses anteriores ao seu goce, excluindo por tanto as horas extras, o plus variable de calidade e pagas extraordinarias, así como os conceptos indemnizatorios.

Quen cese no transcurso do ano sen gozar delas terá dereito a que lle sexa aboada parte do importe do devandito período proporcional ao número de meses traballados durante este.

Para estes efectos, computaranse como mes completo a fracción que exceda de 10 días. As vacacións serán concedidas na época de menor actividade laboral e ao maior número posible de persoas durante os meses de verán, sempre de acordo coas necesidades do servizo, e as seguintes consideracións:

En período de verán, que estará comprendido desde a segunda quincena do mes de xuño ata a primeira quincena do mes de setembro, ambas inclusive, poderá gozar mensualmente das súas vacacións, como máximo o 17% do cadro de persoal de Robra. Durante o resto do ano, en todos e cada un dos meses terá que gozar das súas vacacións un mínimo do 5% do cadro antes mencionado.

Para que as persoas poidan programar as vacacións, faranse dentro dos dous últimos meses do ano anterior os oportunos calendarios de vacacións de acordo co comité de empresa. As persoas que teñan á totalidade das súas vacacións nos meses de xaneiro, febreiro, novembro ou decembro terán dereito a 3 días naturais máis de vacacións. quen só goce de 15 días nestes meses, terá dereito a 2 días máis.

Artigo 31º: Licenzas con retribución.-

As persoas da empresa afectadas polo convenio terán dereito a licenza con percepción íntegra do seu salario, por algún dos motivos e coa duración máxima seguinte:

- a) Matrimonio da persoa ou parellas de feito que acrediten estar inscritas como tales no correspondente rexistro: dezaseis días naturais.
- b) Nacemento dun/dunha fillo/a: tres días naturais ao nacer. En caso de coincidir en fin de semana, concederáse un día máis.
- c) Falecemento, enfermidade grave ou intervención cirúrxica do/a cónxuxe, fillos/as, pais/nais, irmáns/ás, pais/nais políticos e irmáns/ás políticos: 4 días laborais. Se as causas sinaladas tivesen lugar en distinta provincia, esta licenza será ampliada ata 6 días como máximo. Posibilidade de goce de xeito descontinuo sempre que sexa posto en coñecemento da empresa.
- d) Falecemento de avó/a, neto/a e tío/a: 3 días naturais. Se o falecemento tivese lugar fóra da comunidade autónoma, ampliaráse un día máis.
- e) Voda de fillos/as, irmáns/ás, irmáns/ás políticos, pais/nais ou pais/nais políticos: un día natural. Se o casamento fose en distinta provincia, esta licenza poderá ser ampliada ata tres días.
- f) Exames: polo tempo estritamente indispensable cando curse estudos e deba someterse a exames.
- g) Cargo ou representación sindical: para os/as que desempeñen cargos ou representación sindical, o tempo preciso, despois de xustificación e ata o máximo que determine a lei sindical.
- h) Atención a asuntos urxentes: 3 días ao ano cando se necesite atender persoalmente asuntos propios de xustificada urxencia. No caso de que esta licenza afecte a máis dun traballador/a da mesma familia, será necesaria a autorización da empresa.
- i) Mudanza de domicilio familiar: 1 día. Se o traslado se efectúa fóra do concello en que se vive, será de 2 días.
- k) Falecemento da persoa. Á quenda que coincida co enterro concederáselle o tempo necesario para a asistencia a este.
- l) Asistencia a consulta médica privada: 1 día.
- m) Aqueles festivos anuais retribuídos que coincidan con descanso (excluído o período de vacacións) da persoa serán gozados por esta outra data.
- n) Para consultas médicas da Seguridade Social, polo tempo imprescindible ata un máximo de 24 horas ao ano.
- ñ) Para o acompañamento de fillos/as menores, a empresa facilitará o cambio de quenda sempre que se avise con polo menos 48 horas de antelación.
- o) Mediante solicitude do persoal, a empresa garante a posibilidade da acumulación do permiso para o coidado do/a lactante.

Deberanse xustificar debidamente as licenzas agás as referidas aos puntos h), m) e k).

Artigo 32º: Excedencias.-

Nesta materia aplicarase o disposto no artigo 46 do Estatuto dos Traballadores e na Lei Orgánica de Liberdade Sindical, no seu artigo 9 b). En canto á excedencia por maternidade, dará dereito á reserva do posto de traballo.

Artigo 33º: Excepción ao descanso dominical.-

Por tratarse dunha industria cunha materia prima que precisa unha elaboración inmediata, as persoas das seccións de recepción e caldeiras que se vexan obrigadas a prestar os seus servizos en domingos ou festivos veranse compensadas gozando dun día de descanso así como do plus de festivo R/C (anexo III) ata o 30 de maio do 2021. A partir do 1 de xuño do 2021 as persoas das seccións de recepción, mantemento e caldeiras que se vexan obrigadas a traballar os domingos ou festivos veranse compensadas gozando dun día de descanso, así como co plus xornada extraordinaria e o plus festivo.

Para o resto de persoas doutras seccións nas que a súa xornada ordinaria é de luns a venres, o traballo de carácter voluntario en domingo ou festivo será retribuído da mesma forma.

Ás persoas que teñan que traballar os días 25 de decembro e o 1 de xaneiro pagaráselles adicionalmente o plus establecido na táboa salarial anexa III (plus Nadal).

Artigo 34º: Xubilación.-

Ante a situación de permanente adecuación do cadro de persoal para acomodalo aos niveis óptimos de emprego, as persoas poderán solicitar a xubilación anticipada aos 64 anos de idade; neste caso a empresa aboará ata os 65 anos a diferenza que corresponda ao 100% en todos os conceptos sobre salario neto / bruto anual e as percepcións ás cales teña dereito ao causar baixa definitiva na empresa. En caso de acordo entre as partes, poderase optar coas mesmas condicións aos 63 anos.

Aquelas persoas que, chegadas aos 64 anos de idade, non tivesen cubertos os períodos de cotización necesarios para alcanzar o 92% da pensión de xubilación, a empresa comprométese a negociar co comité de empresa unha saída mellor para a persoa.

Artigo 35º: Mobilidade funcional.-

A mobilidade funcional no seo da empresa efectuarase sen prexuízo dos dereitos económicos, tendo en conta o grupo profesional (técnicos, administración, persoal obreiro e persoal de acceso), debéndose adaptar a persoa aos horarios que os cambios funcionais comporten. A empresa comprométese a non realizar discriminación para ningún traballador/a, nin cambios de quenda máis dunha vez por semana.

CAPÍTULO V: CONTRATACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

Artigo 36º: Contratación.-

A empresa poderá utilizar calquera modalidade de contratación vixente e prevista na normativa de aplicación que mellor se axuste á necesidade de cada momento. Co fin da utilización das modalidades de contratación previstas pola Lei, e sen prexuízo do anterior, acórdase establecer as condicións do contrato de obra/servizo determinado e do contrato eventual por circunstancias da produción:

a) Contrato de obra.

Co fin da utilización das modalidades de contratación previstas pola lei, acórdase establecer as condicións do contrato de obra ou servizo determinado, segundo o previsto no artigo 15.1º letra a) do Estatuto dos Traballadores e demais normativa vixente en cada momento. Estes contratos poderán cubrir todas aquelas tarefas ou traballos suficientemente diferenciados polo volume adicional de traballo que representan, que, limitados no tempo e de duración incerta ou que non poidan preverse, estean directamente relacionados co proceso produtivo da empresa, por exemplo as campañas de secado de leite, manteiguería, etc.

Previamente á utilización desta modalidade de contratación, a empresa informará os/as representantes dos traballadores/as da causa obxecto do contrato, especificando o número de traballadores/as afectados/as, funcións que se van asignar. Estes contratos poderán ter unha duración máxima de dous anos e, transcorrido este prazo e acreditada a súa necesidade, os/as traballadores/as pasarán a ter a condición de fixos do cadro de persoal.

b) Contrato eventual por circunstancias da produción.

Poderá ter unha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18 meses.

Artigo 37º: Acceso ao emprego.-

Empresas de Traballo Temporal: Acceso ao emprego.-

A utilización das Empresas de Traballo Temporal virá determinada pola existencia de necesidades puntuais, que non permitan a realización dun contrato de traballo temporal, en ningunha das súas diferentes modalidades.

As persoas que accedan á empresa a través dunha ETT, a un posto de produción, deberán de reunir como requisito de capacitación profesional unha Formación Profesional, como mínimo en grao 1; para o resto de departamentos, accederase coa formación específica para cada posto en función da súa descrición.

No momento que a empresa precise a cobertura, a un posto de traballo, que deba de cubrirse mediante un contrato de traballo temporal (nas súas modalidades de eventual ou obra ou servizo), procederá a realizar un proceso de selección, no cal participarán e terán un dereito preferente a participar aquelas persoas que viñesen desempeñando o seu traballo como ETT, e que teñan unha avaliación positiva do seu mando. No caso de que o resultado do proceso de selección determine unha igualdade na nota entre varias persoas candidatas, darase preferencia debido aos períodos prestados neste centro.

Cando a necesidade da cobertura do posto veña determinada por unha interinidade (vacacións, IT, etc.), para a contratación da persoa que deba de cubrir esta eventualidade non se realizará proceso de selección, sendo cuberto o posto entre as persoas que, durante os últimos meses, como ETT, viñesen desempeñando o referido posto obxecto da cobertura, tendo unha avaliación favorable do seu mando. No caso de igualdade na valoración do mando, darase preferencia en razón do maior número de períodos de tempo traballados neste centro.

Contratación temporal.- Acceso a emprego fixo.-

Cando sexa necesario o acceso a emprego fixo, terá preferencia o persoal que preste servizos neste centro, mediante contrato temporal, cumprindo os requisitos tanto técnicos como de avaliación por parte do seu mando, e no caso dun contrato de substitución se dean os requisitos legais para a súa transformación. No caso de igualdade na valoración do mando, darase preferencia en razón do maior número de períodos de tempo traballados neste centro.

Artigo 38º: Promocións.-

Establécense dous tipos de promocións:

a) Libre designación. Defínese como libre designación o acceso aos postos que, en razón das súas funcións e responsabilidades, son cubertos por decisión da empresa e que corresponden aos postos e funcións profesionais seguintes: persoal directivo, técnico/a superior, técnico/a medio, xefe/a de fabricación, xefes/as promotores de vendas, xefe/a administrativo de 1ª e 2ª, encargado/a, caixeiro/a e secretarias/os de dirección. Excepto o persoal directivo, técnico xefe/a, xefe/a de compras de leite, xefe/a de fabricación e delegados/as, as convocatorias aos demais postos de traballo faranse públicas coa finalidade de que o resto das persoas poidan acceder á selección.

b) Concurso-oposición. Defínese promoción por concurso-oposición o acceso ás funcións ou grupos profesionais non contempladas no parágrafo anterior.

Para a realización destas promocións, crearase un tribunal cualificador composto por catro persoas membros. Dúas designadas polo comité de empresa e dúas pola Dirección de RR.HH ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a do tribunal e con voto de calidade decisorio.

Para cubrir unha vacante ou posto de nova creación nestas funcións/grupos, a empresa comunicarlle ao comité a existencia de tal posto.

Seguidamente, no prazo de 5 días hábiles, o tribunal cualificador decidirá e publicará os requisitos ou probas de exame que se van realizar, non podendo realizarse este nun tempo inferior a 15 días nin superior a 30. A estas convocatorias poderá concorrer calquera persoa do cadro de persoal, formulando a oportuna solicitude dentro do prazo que se sinala.

Se a convocatoria queda deserta por falta de candidatos/as internos ou por non alcanzaren estes a puntuación mínima requirida, a empresa poderá cubrir a devandita vacante por libre designación ou por nova convocatoria, á que poden optar persoas alleas á empresa.

O tribunal cualificador deberá establecer as cualificacións definitivas e publicalas nun prazo máximo de 8 días, a partir da data en que finalicen as probas. O tribunal terá facultades para, unha vez anunciada a vacante ao posto de nova creación, decidir sobre a necesidade de realizar probas de aptitude ou, en caso negativo, establecer directamente a orde de prioridade.

Acceso á función/grupo: para a realización efectiva do cambio de funcións/grupos, establécense os períodos de proba seguintes:

6 meses para postos de libre designación, 3 meses para postos de persoal cualificado e 15 días para postos de persoal non cualificado.

Durante o período de proba, a persoa percibirá o salario correspondente á nova función/grupo, pero non se efectuará o cambio efectivo desta. Se, transcorrido o devandito período, os informes non fosen positivos, remitiranse ao tribunal cualificador, que avaliará, en cada caso, o retorno ou non á función/grupo anterior.

Artigo 39º: Formación profesional.-

A dirección da empresa establecerá durante o primeiro trimestre do ano un calendario de cursos de formación profesional co obxectivo de proporcionar ás persoas, en todos os niveis, os coñecementos necesarios para a realización das súas funcións e o seu desenvolvemento profesional. A empresa comprométese a gastar durante cada un dos anos de vixencia o 0,5% do importe total do soldo base en concepto de formación para as persoas. Co fin de comprobar e facer un seguimento dos devanditos gastos, constituirase unha comisión para tal fin, na que se incluírán dúas persoas designadas polo comité de empresa. Decididos os plans de formación e previamente á súa implantación, solicitarase do comité de empresa o informe que se determina no artigo 64.5 e do Estatuto dos Traballadores.

Para as persoas da empresa que realicen cursos non contemplados nos plans de formación en centros oficiais para a obtención de coñecementos profesionais que garden relación directa coas actividades da empresa e teñan unha aplicación efectiva a medio ou longo prazo nela, establécense unha axuda económica consistente no pagamento do 50% do custo de matrícula e textos debidamente xustificadas. Esta axuda solicitarase a través dos xefes/as de departamento e terá que ser aprobada polo comité creado para tal fin, con cargo ao fondo creado para esta finalidade.

CAPÍTULO VI: COMISIÓN PARITARIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

Art. 40º: Comisión Mixta Paritaria.-

Constitúese unha Comisión Paritaria para a resolución das cuestións que suscite a aplicación, interpretación, cumprimento e adaptación deste convenio, sen prexuízo das demais funcións que lle sexan atribuídas legal ou convencionalmente, e das que lles correspondan aos representantes do persoal e aos órganos Administrativos e xudiciais.

A Comisión Paritaria estará integrada por seis membros; tres designaraos a empresa e os outros tres o Comité de Empresa, cuxo domicilio para efectos de notificacións se fixa en Robra, Outeiro de Rei. Ambas as representacións poderán designar suplentes e estar asistidas por asesores/as, con voz, pero sen voto.

A Comisión Paritaria entenderase validamente constituída coa presenza de, polo menos, o 60 por 100 de cada parte. Os acordos da Comisión requirirán do voto favorable do 60 por 100 de cada unha das representacións.

A Comisión Paritaria reunirse, a solicitude de calquera das partes que a integran, debendo mediar un preaviso de quince días. De todas as reunións se redactará a acta correspondente.

Con carácter previo á formulación formal de calquera medida de conflito colectivo derivado da aplicación ou interpretación deste convenio, deberá presentarse este ante a Comisión Paritaria, que resolverá sobre o particular no prazo máximo de sete días.

As resolucións da Comisión Paritaria sobre interpretación ou aplicación do convenio terán a mesma eficacia xurídica e tramitación que o convenio colectivo.

Art. 41: Solución extraxudicial de conflitos de traballo.-

Os conflitos de traballo que revistan o carácter de colectivos e que durante a vixencia deste convenio puidesen suscitarse no seo da empresa, unha vez esgotado o trámite ante a Comisión Paritaria, serán sometidos obrigatoriamente aos órganos a través dos procedementos, que se establecen no Organismo de Solución Extraxudicial de Conflitos de Galicia, de conformidade co art. 83.3 do Estatuto de Traballadores, AGA, Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo, Resolución do 30 de abril de 2013.

CAPÍTULO VI: REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES/AS

Artigo 42º: Comité de Empresa ou Delegados/as de Persoal.-

Nesta materia, obsérvase o disposto no título segundo do Estatuto dos Traballadores.

A empresa pagará viaxes e axudas de custo na forma que teñen establecida cando algún/nha membro do comité, ou delegados/as sindicais, en representación deste, teñan que desprazarse do seu lugar habitual de residencia para asistir a reunións, sobre temas relacionados coa propia empresa ou convocadas pola empresa ou sindicato representativo.

Acórdase a posibilidade de acumular crédito de horas mensuais que concede o artigo 68.e, do Estatuto dos Traballadores aos/ás representantes legais deles/as, podendo ceder entre representantes dunhas mesmas siglas ou candidaturas. Por isto os/as cedentes comunicarán á empresa o nome do/a representante ou representantes aos/ás que ceden as súas horas no mes seguinte, sendo esta cesión permanente ata que o/a propio/a cedente a revogue ou modifique, mediante comunicación dirixida á dirección da empresa, con cinco días de antelación mínimos á data de efecto.

O comité de empresa poderá solicitar para temas concretos e específicos o asesoramento técnico das centrais sindicais ás que representan, co fin de que representantes delas poidan acceder aos locais e dependencias do devandito centro.

Isto farase sen entorpecer a produción, responsabilizándose da reserva profesional por parte da central sindical.

Artigo 43º: Seccións sindicais.-

O funcionamento das seccións sindicais no ámbito da empresa axustarase ao disposto no artigo 10 da Lei 11/1985, do 2 de agosto, orgánica de liberdade sindical, recoñecéndose un/unha delegado/a sindical no centro de traballo.

Artigo 44º: Fondo económico.-

Crearase un fondo a cargo da empresa, destinado a financiar as xestións do comité de empresa derivadas da súa representatividade. O devandito fondo será para cada un dos anos de vixencia segundo a táboa anexa III (Fondo económico Comité).

Artigo 45º: Financiamento das seccións sindicais.-

Establécese un fondo a cargo da empresa, que se poñerá a disposición das seccións sindicais representadas na mesa de negociación; a devandita cantidade dividirase proporcionalmente segundo a representación na mesa de negociación. O referido fondo será para cada un dos anos de vixencia segundo a táboa anexa III (financiamento seccións sindicais).

CAPÍTULO VII: SAÚDE LABORAL

Artigo 46º: Comité de Seguridade e Saúde.-

Os asinantes deste convenio coinciden en outorgar a máxima importancia ao estrito cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos de acordo co establecido na Lei de Prevención de Riscos Laborais e resto de normativa específica, polo que manifestan a súa total disposición a colaborar lealmente na consecución deste obxectivo común no ámbito das súas respectivas responsabilidades.

Para velar pola efectividade e eficacia da prevención, constitúese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, que desenvolverá a súa actividade de acordo á lei e á regulamentación acordada por este.

Segundo o establecido na Lei de Prevención de Riscos Laborais, será considerado en todo caso tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario previsto na letra e) do artigo 68 do ET, o correspondente ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde e a calquera outras convocadas pola empresa en materia de prevención de riscos, así como o destinado ás visitas previstas nas letras a) e c) do artigo 36.2. da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

De igual xeito, o tempo dedicado á formación será considerado como tempo de traballo a todos os efectos e o seu custo non poderá recaer en ningún caso sobre os Delegados/as de Prevención.

Os/As membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral en representación da parte social terán dereito para o exercicio das súas funcións a un crédito horario mensual de 8 horas cada un dos delegados/as.

Artigo 47º: Roupa de traballo.-

A empresa quedará obrigada a facilitar a todos os traballadores e traballadoras cinco xogos de roupa de traballo, así como un par de zapatos de seguridade cada seis meses. En caso de deterioración, serán substituídos.

Artigo 48º: Persoas con necesidades especiais e persoal especialmente sensible a determinados riscos.-

Segundo o establecido no artigo 25 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, no caso daquelas persoas que por situacións sobrevidas presenten algunha limitación para o desenvolvemento do traballo para o que foron contratadas, a empresa adaptará o posto ou destinalas a un posto compatible coas súas limitacións.

En calquera dos casos, as persoas nestas circunstancias conservarán o dereito ao conxunto de retribucións e outros dereitos do seu posto de orixe, sempre que estes sexan superiores.

En todos os casos en que se presente a devandita situación, a empresa, antes de adoptar a súa decisión, informará o Comité de Seguridade e Saúde presentando o certificado de aptitude emitida por vixilancia da saúde (SPA).

Artigo 49º: Vixilancia da saúde.-

CAPSA garante aos traballadores e traballadoras ao seu servizo a vixilancia periódica de seu estado de saúde en función dos riscos do seu posto de traballo. Esta vixilancia só se poderá levar a cabo cando o/a traballador/a preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán os supostos nos que a realización dos exames de saúde sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores/as ou para verificar se o estado de saúde do traballador/a pode constituír un perigo para el/a mesmo, para as demais persoas ou para outras persoas relacionadas coa empresa cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección dos riscos específicos de especial perigosidade.

Os exames de saúde non implicarán custo ningún para os traballadores/as de CAPSA.

Os resultados da vixilancia serán comunicados aos/as traballadores/as afectados/as.

Infórmase o/a traballador/a da voluntariedade do recoñecemento médico sempre e cando non desenvolva ningunha das seguintes actividades que de acordo cos/as representantes dos traballadores/as consideramos de especial seguimento:

- Condutores/as de vehículos o de equipos de transporte.
- Traballos en altura.
- Actividades nas que interveñen frecuentemente produtos químicos perigosos.
- Operadores/as de máquinas que poidan entrañar un risco fronte ao/á traballador/a ou outras persoas.
- Exposición laboral a ruído conforme aos parámetros da lexislación vixente.
- Outros recoñecementos e comunicacións obrigatorios:
- Un recoñecemento médico inicial, á incorporación na empresa dun traballador/a.
- Tras unha ausencia prolongada superior a un mes, o/a traballador/a deberá pasar, a criterio do Servizo Médico, un exame de saúde para avaliar a aptitude médico-laboral.
- Aqueles/as traballadores/as que teñan contacto directo con leite cru deberán realizar unha analítica complementaria para descartar a presenza de brucella.
- A aqueles/as traballadores/as maiores de 45 anos realizaráselles unha PSA cada dous anos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Grupos Profesionais, funcións e salarios

Co fin de adaptar este convenio á realidade produtiva e organizativa do centro de traballo, da táboa salarial e o anexo I de Grupos Profesionais e funcións, exclúese a partir do 01.01.2007 todo o relacionado co apartado relativo ao persoal comercial, así como todo o relativo ao persoal subalterno, grupos que desaparecen do redactado do convenio a excepción da función de almaceneiro/a, que se integra no grupo de persoal obreiro.

No caso de que a Empresa cambiase o modelo organizativo e fose necesario contratar persoal que realice estas funcións, habilitarase e adaptarase de novo o redactado a partir do anterior (convenio 2003-2006), cos salarios actualizados conforme ao incremento salarial pactado a partir da táboa salarial de 2006.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira: Normas subsidiarias

No non previsto neste convenio aplicarase o disposto no convenio colectivo estatal de industrias lácteas e demais disposicións legais vixentes.

Segunda: Sancións

Cando se apliquen sancións ao persoal, aplicarase o disposto no Estatuto dos Traballadores, artigo 64.4, c.

Antes de comunicar a sanción ao traballador/a, será informado o comité de empresa.

Terceira: Carné de conducir

A suspensión temporal do carné de conducir que non sexa debida a infracción de regulamentos dará dereito á persoa para asignarlle durante o devandito período outras funcións.

ANEXO I

Clasificación profesional: segundo funcións e definicións

As persoas da empresa Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A., no seu centro de traballo de Robra, Outeiro de Rei, clasificaranse, en atención á función que desempeñan, nalgún dos seguintes grupos profesionais:

1. Persoal directivo
2. Persoal técnico
3. Persoal administrativo
4. Persoal obreiro
5. Persoal de acceso

GRUPO I

Defínese como persoal directivo as persoas que desempeñan funcións de dirección no seo da empresa nos cargos de director/a, xerente/a, subdirector/a e xefes/as de planta / área, non regulados por este convenio colectivo.

GRUPO II

Este grupo comprende as seguintes funcións:

Titulado/a superior
Titulado/a medio
Xefe/a de fabricación
Xefe/a de sección
Encargado/a
Capataz/a
Control distrito leiteiro
Oficial de laboratorio
Auxiliar de laboratorio

Titulados/as superiores: son aqueles/as que, estando en posesión dun título profesional oficial de carácter universitario, de escola técnica de grao superior, ou coñecementos equivalentes na materia, recoñecidos pola empresa, desenvolvan as mesmas funcións propias da súa titulación ou coñecementos.

Titulados/as medios: son os/as que, tendo un título facultativo de escola de grao medio, escola universitaria ou coñecementos equivalentes na materia, recoñecidos pola empresa, desempeñan as funcións propias dos devanditos títulos ou coñecementos, baixo a supervisión directa da dirección ou titulados superiores.

Xefes/as de fábrica: son os que, baixo a supervisión directa do Director/a de produción, teñen responsabilidades de planificación, dirección, coordinación e control dos procesos de produción e de mantemento das máquinas e instalacións, establecendo a forma de facer o traballo, dirixindo e coordinando o persoal e encargado/a de mantemento.

Xefes/as de sección: son os/as que, baixo a supervisión directa do Xefe/a de Fábrica correspondente, teñen a responsabilidade da sección, exercendo as funcións de dirección, coordinación e control dos encargados/as, capataces e operarios/as da sección, así como das distintas tarefas da sección, observando o funcionamento dos distintos órganos que comprende esta, respondendo da disciplina das persoas, da distribución do traballo, a súa boa execución e a conservación dos útiles e instalacións.

Encargados/as: son os/as que, con coñecementos e experiencias amplos, tanto teóricos como prácticos sobre os procesos produtivos, dirixen, coordinan e controlan os traballos de varias liñas de produción, baixo a supervisión directa do xefe/a de fabricación ou do xefe/a de sección, sendo responsables da forma de execución, disciplina das persoas e conservación dos útiles e instalacións.

Capataces: son os/as que, con coñecementos e experiencia amplos sobre procesos de almacén de produtos terminados e materias auxiliares, baixo a supervisión do seu inmediato superior, e polas súas especiais condicións confíáselles a dirección dun grupo de persoas.

Control distrito leiteiro: son os/as que desenvolven as funcións de vixilancia e control do servizo de recollida e transporte, estatísticas de produción, toma de mostras, control e asesoramento dos gandeiros/as no mantemento e mellora dos seus medios de produción, gando, cortes, instalacións, etc., e outras funcións que lles poidan confiar os seus superiores en relación coa modificación, limpeza, comprobación das calidades nos distritos leiteiros, como calquera outro traballo de control e asesoramento. Colabora cos seus xefes/as nas funcións de liquidación e pagamento aos gandeiros/as.

Oficiais de laboratorio: son os/as que, con coñecemento técnico e práctico, a nivel de formación profesional de 1º ou 2º grao, ou coñecementos similares recoñecidos pola empresa das normas, instrumentos e procesos de análises de laboratorio, realizan toda clase de análises físicas, químicas ou bacteriolóxicas na empresa, ou verifican os procesos de elaboración, produción e de produto terminado, con responsabilidade técnica sobre eles/as, baixo a supervisión directa do/a responsable de laboratorio ou departamento de calidade,

Auxiliares de laboratorio: son os/as que, con coñecementos técnicos e prácticos mínimos, fan análises físico-químicas de maneira instrumental e axudan os/as oficiais de laboratorio nas tarefas sinxelas que poidan ter unha rápida comprobación.

GRUPO III

Este grupo comprende as seguintes funcións:

Xefes/as de primeira

Xefes/as de segunda

Oficial de primeira

Oficial de segunda

Auxiliares Telefonista

Xefes/as de primeira: son as persoas que, provistas ou non de poderes, baixo a supervisión do mando correspondente, teñen a responsabilidade de dirixir, coordinar e controlar unha ou varias seccións administrativas, imprimíndolles unidade e distribuindo o traballo.

Xefes/as de segunda: son as persoas que, provistas ou non de poderes limitados, e supervisados por un director/a ou xefe/a de primeira, teñen a responsabilidade de dirixir, coordinar ou controlar unha sección ou grupos de traballo administrativos, imprimíndolles unidade e distribuindo o traballo entre as persoas que del dependan. Inclúese nesta función profesional o/a tesoureiro/a, responsable de caixa.

Oficiais de primeira: son as persoas que, baixo a supervisión dun xefe/a de 1ª ou de 2ª, teñen a responsabilidade dun servizo ou función determinado, dentro do cal exercen iniciativa e posúen responsabilidade, con ou sen persoas a cargo, para o que se necesitan coñecementos xerais de administración a nivel de FP grao superior ou semellante e coñecementos amplos do servizo ou función correspondente. Inclúese neste Grupo Profesional as funcións de secretaria/o de dirección, caixeiro/a, cobros e pagamentos, sen sinatura fianza, transcripción de libros oficiais contables, programadores/as e operadores/as de informática.

Oficiais de segunda: son as persoas que, con titulación mínima de FP grao medio, teñen iniciativa e responsabilidade restrinxida sobre un servizo ou un conxunto de tarefas administrativas.

Auxiliares: son as persoas que desempeñan tarefas e operacións elementais administrativas, para as que necesitan coñecementos administrativos básicos.

Telefonista: son as persoas que teñen como funcións atender a central telefónica da empresa e recibir as chamadas que cheguen a ela de acordo coa política que a empresa estableza para os devanditos temas.

GRUPO IV

Este grupo comprende as seguintes funcións:

Especialistas de primeira

Especialistas de segunda

Oficiais de primeira

Oficiais de segunda

Almaceneiro/a

Especialistas: comprende esta función profesional, nas súas dúas clasificacións de primeira e segunda, aquelas persoas que, despois dun determinado período de prácticas, e de realizar o itinerario formativo correspondente realizan as tarefas e operacións do proceso industrial de produción.

A clasificación de primeira e segunda establécese en función do nivel de coñecementos necesarios, complexidade, dificultade e responsabilidade das operacións que realice, así como do número de tarefas diferentes que ha de realizar dentro do proceso produtivo.

Neste sentido, a clasificación corresponderá coas definicións seguintes:

Especialistas de primeira: son as persoas que coñecen e realizan as operacións e tarefas de maior complexidade e que requiren maior destreza en todo o proceso produtivo. Considéranse dentro desta función profesional os seguintes postos:

Paletizado, elaboración e envasado de leite, extrusión, nata, manteiga, leite en po, caldeiras e compresores (vapor e frío), esterilización, desecado (torre).

Especialistas de segunda: son as persoas que coñecen e realizan varias operacións do proceso de produción e/ou almacéns e están á fronte de máquinas de certa complexidade, respondendo do funcionamento delas. Considéranse dentro desta función profesional os seguintes grupos:

Encaixonador/a, elaboración, carretilleiros/as, operadores/as de ATLS, carga, descarga e limpeza de cisternas.

Oficiais: son as persoas que, tendo feito nas condicións legais establecidas a aprendizaxe dun oficio determinado, desempeñan as funcións propias destes. Quedan comprendidos neste grupo os mecánicos/as, electricistas, soldadores/as, etc.

As persoas encadradas neste grupo de oficios clasificaranse nas seguintes funcións profesionais:

Oficiais de primeira: son as persoas que, posuíndo un oficio, realízano con alto grao de perfección, facendo traballos de carácter xeral e de carácter especializado no seu oficio.

Se algún posto non estivese recollido neste documento por ser de nova creación ou modificación, reunirase a Comisión Mixta Paritaria para a súa clasificación.

Oficiais de segunda: son as persoas que realizan coa corrección adecuada os traballos do seu oficio, pero sen posuíren unha especialización que lles permita desempeñar os traballos máis complexos con perfección.

Almaceneiro/a: son as persoas que teñen a responsabilidade da recepción das mercadorías e despacho de produtos, coas operacións complementarias de medición, pesada, colocación en andeis, etc., así como o rexistro e control de existencias permanente e movemento diario de mercadorías e produtos.

Grupo V

Este grupo comprende os seguintes niveis:

Nivel A

Nivel B

Nivel C

Co fin de dotar a todas as persoas de novo ingreso de maior polivalencia no centro de traballo que favoreza a formación necesaria para dar resposta ás necesidades cambiantes de produción, establécese o seguinte sistema de niveis que será de aplicación a todas as seccións do centro de traballo e calquera outras que se puidesen crear, constituíndo o itinerario obrigatorio a seguir para as novas contratacións a partir da data de asinamento do convenio colectivo.

O tempo de permanencia máximo en cada un dos niveis de 12 meses continuos ou pola suma de diferentes períodos de tempo descontínuos, en ambos os casos e nos tres niveis, de prestación efectiva de servizos.

A retribución dos 3 niveis son os fixados na táboa salarial anexa II, prezos fixos e por tanto non revisables durante a vixencia deste convenio. Así mesmo percibirán os pluses que lles corresponda polas funcións desempeñadas.

NIVEL A: Son as persoas que, unha vez que se incorporan á empresa, non teñen a experiencia nin coñecementos necesarios para executar os traballos coa corrección e responsabilidade esixida a un traballador/a de superior función profesional, estando sempre ás ordes dun superior/a. As persoas permanecerán nesta función profesional durante 12 meses de forma continua ou o mesmo período acumulado de contratos descontínuos, podendo rotar por diferentes seccións de produción, almacén, calidade, etc., adquirindo coñecementos para os diferentes postos de traballo.

NIVEL B: Son as persoas que, esgotados os 12 meses en nivel A, teñen unha experiencia e coñecementos necesarios para executar as tarefas nun ou máis postos de traballo coa corrección e responsabilidade esixida sempre ás ordes dun superior/a. As persoas permanecerán nesta función profesional, durante 12 meses de forma continua ou o mesmo período acumulado de contratos descontínuos, perfeccionando o desempeño das tarefas e responsabilidades dos diferentes postos de traballo que poidan ocupar.

NIVEL C: Son as persoas que, esgotados os 12 meses en nivel B, teñen unha experiencia e coñecementos suficientes para executar os traballos en varios postos de traballo coa corrección e responsabilidade esixida atendendo ás ordes dun superior/a. As persoas permanecerán nesta función profesional durante 12 meses de forma continua ou o mesmo período acumulado de contratos descontínuos. Finalizado este período, ocuparán a Función Profesional superior que lles corresponda en función do posto que ocupen.

ANEXO II

TÁBOAS SALARIAIS

TÁBOA SALARIAL 2020

CATEGORÍA

PERSOAL TÉCNICO	S. Base	Total Ano
TCO/A XEFE	2.907,53	43.612,95
TCO/A SUPERIOR	2.531,52	37.972,87
TCO/A MEDIO	2.268,10	34.021,56
XEFE DE FABRICACIÓN	2.246,73	33.700,96
XEFE DE LABORATORIO	2.066,13	30.991,98
XEFE DE C. LEITEIRO	2.066,13	30.991,98
XEFE DE SECCIÓN	2.084,96	31.274,46
ENCARGADO/A	1.717,98	25.769,76
CAPATAZ	1.656,67	24.849,98
CONTR. DIST. LEIT.	1.661,46	24.921,83
OFICIAL LABORATORIO	1.607,13	24.106,88
AUX. LABORATORIO	1.367,28	20.509,17

PERSOAL ADMINISTRATIVO

XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.168,18	32.522,66
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	1.993,69	29.905,31

OF. 1ª ADMTVO	1.588,20	23.822,94
OF. 2ª ADMTVO	1.468,17	22.022,49
AUXILIAR ADMTVO.	1.292,08	19.381,20
TELEFONISTA	1.359,90	20.398,47

PERSOAL OBREIRO

ESPECIALISTA 1ª	1.367,28	20.509,17
Operador/a	1.543,67	23.155,08
ESPECIALISTA 2ª	1.316,43	19.746,52
OFICIAL 1ª OOVV	1.543,67	23.155,08
OFICIAL 2ª OOVV	1.360,92	20.413,87
ALMACENEIRO/A	1.215,06	18.225,86
NIVEL C	1.100,49	16.507,39
NIVEL B	1.047,05	15.705,79
NIVEL A	1.015,51	15.232,64

TÁBOA SALARIAL 2021**CATEGORÍA**

PERSOAL TÉCNICO	S. Base	Total Ano
TCO/A XEFE	2.936,61	44.049,08
TCO/A SUPERIOR	2.556,84	38.352,60
TCO/A MEDIO	2.290,79	34.361,78
XEFE DE FABRICACIÓN	2.269,20	34.037,97
XEFE/A DE LABORATORIO	2.086,79	31.301,90
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.086,79	31.301,90
XEFE/A DE SECCIÓN	2.105,81	31.587,21
ENCARGADO/A	1.735,16	26.027,45
CAPATAZ	1.673,23	25.098,48
CONTR. DIST. LEIT.	1.678,07	25.171,04
OFICIAL LABORATORIO	1.623,20	24.347,95
AUX. LABORATORIO	1.380,95	20.714,26

PERSOAL ADMINISTRATIVO

XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.189,86	32.847,88
----------------------	----------	-----------

XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.013,62	30.204,37
OF. 1ª ADMTVO	1.604,08	24.061,17
OF. 2ª ADMTVO	1.482,85	22.242,72
AUXILIAR ADMTVO.	1.305,00	19.575,01
TELEFONISTA	1.373,50	20.602,46

PERSOAL OBREIRO

ESPECIALISTA 1ª	1.380,95	20.714,26
Operador/a	1.559,11	23.386,63
ESPECIALISTA 2ª	1.329,60	19.943,98
OFICIAL 1ª OOVV	1.559,11	23.386,63
OFICIAL 2ª OOVV	1.374,53	20.618,00
ALMACENEIRO/A	1.227,21	18.408,12
NIVEL C	1.111,50	16.672,47
NIVEL B	1.057,52	15.862,84
NIVEL A	1.025,66	15.384,96

TÁBOA SALARIAL 2022**CATEGORÍA**

PERSOAL TÉCNICO	S. Base	Total Ano
TCO/A XEFE	2.965,97	44.489,57
TCO/A SUPERIOR	2.582,41	38.736,12
TCO/A MEDIO	2.313,69	34.705,40
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.291,89	34.378,35
XEFE/A DE LABORATORIO	2.107,66	31.614,92
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.107,66	31.614,92
XEFE/A DE SECCIÓN	2.126,87	31.903,08
ENCARGADO/A	1.752,52	26.287,73
CAPATAZ	1.689,96	25.349,47
CONTR. DIST. LEIT.	1.694,85	25.422,76
OFICIAL LABORATORIO	1.639,43	24.591,43
AUX. LABORATORIO	1.394,76	20.921,40

PERSOAL ADMINISTRATIVO		
XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.211,76	33.176,36
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.033,76	30.506,41
OF. 1ª ADMTVO	1.620,12	24.301,78
OF. 2ª ADMTVO	1.497,68	22.465,14
AUXILIAR ADMTVO.	1.318,05	19.770,76
TELEFONISTA	1.387,23	20.808,48
PERSOAL OBREIRO		
ESPECIALISTA 1ª	1.394,76	20.921,40
Operador/a	1.574,70	23.620,50
ESPECIALISTA 2ª	1.342,89	20.143,42
OFICIAL 1ª OOVV	1.574,70	23.620,50
OFICIAL 2ª OOVV	1.388,28	20.824,18
ALMACENEIRO/A	1.239,48	18.592,20
NIVEL C	1.122,61	16.839,19
NIVEL B	1.068,10	16.021,47
NIVEL A	1.035,92	15.538,81

TÁBOA SALARIAL 2023**CATEGORÍA**

PERSOAL TÉCNICO	S. Base	Total Ano
TCO/A XEFE	2.995,63	44.934,47
TCO/A SUPERIOR	2.608,23	39.123,49
TCO/A MEDIO	2.336,83	35.052,45
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.314,81	34.722,13
XEFE/A DE LABORATORIO	2.128,74	31.931,07
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.128,74	31.931,07
XEFE/A DE SECCIÓN	2.148,14	32.222,11
ENCARGADO/A	1.770,04	26.550,61
CAPATAZ	1.706,86	25.602,96
CONTR. DIST. LEIT.	1.711,80	25.676,98
OFICIAL LABORATORIO	1.655,82	24.837,35

AUX. LABORATORIO	1.408,71	21.130,61
------------------	----------	-----------

PERSOAL ADMINISTRATIVO

XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.233,87	33.508,12
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.054,10	30.811,47
OF. 1ª ADMTVO	1.636,32	24.544,80
OF. 2ª ADMTVO	1.512,65	22.689,79
AUXILIAR ADMTVO.	1.331,23	19.968,47
TELEFONISTA	1.401,10	21.016,57

PERSOAL OBREIRO

ESPECIALISTA 1ª	1.408,71	21.130,61
Operador/a	1.590,45	23.856,71
ESPECIALISTA 2ª	1.356,32	20.344,86
OFICIAL 1ª OOVV	1.590,45	23.856,71
OFICIAL 2ª OOVV	1.402,16	21.032,43
ALMACENEIRO/A	1.251,88	18.778,13
NIVEL C	1.133,84	17.007,58
NIVEL B	1.078,78	16.181,69
NIVEL A	1.046,28	15.694,20

ANEXO III**COMPLEMENTOS SALARIAIS**

Pluses	2020	2021	2022	2023
Nocturnidade	33,33	33,66	34,00	34,34
Axuda de custo comida	16,16	16,32	16,48	16,65
Axuda de custo almorzo	4,00	4,04	4,08	4,12
Axuda de custo cea	15,00	15,15	15,30	15,45
Plus esterilizadores/torre	165,46	167,12	168,79	170,47
Plus esterilizadores/torre diario	8,28	8,36	8,45	8,53
Plus mantem./caldeiras	38,22	38,60	38,98	39,37
Plus quendas	33,83	34,17	34,51	34,86
Plus xornada extraordinaria	0	100,00	101,00	102,01

Quebranto moeda caixeiro	50,95	51,46	51,98	52,50
Quebranto moeda aux caixa/cobrad.	44,19	44,63	45,08	45,53
Premio seguridade mes	19,58	19,78	19,97	20,17
Premio seguridade anual	29,38	29,67	29,97	30,27
Axuda escolar (10 mens.)	12,00	12,12	12,24	12,36
Axuda persoal	133,73	135,07	136,42	137,78
Plus natalidade / nupcialidade	165,09	166,74	168,41	170,09
Anticipos	4.658,91	4.705,49	4.752,55	4.800,08
Anticipo total	41.790,85	42.208,76	42.630,84	43.057,15
Plus festivo	53,66	54,20	54,74	55,29
Plus Nadal	30,17	30,47	30,77	31,08
Quilometraxe	0,25	0,25	0,26	0,26
Plus de sábados mensual	28,28	28,56	0,00	0,00
Plus festivo R/C	92,92	93,85	0,00	0,00

Acto social	4.898,82	4.947,80	4.997,28	5.047,26
Plus produtividade	140,06	141,46	142,87	144,30
Plus produtividade (11 mensualid)	1.540,63	1.556,03	1.571,59	1.587,31
Fondo eco comité	1.884,47	1.903,32	1.922,35	1.941,57
Financiamento seccións sindicais	1.012,18	1.022,30	1.032,52	1.042,85

Horas Extras	19,17	19,36	19,55	19,75
Horas arranque	25,55	25,81	26,07	26,33
Incentivos	19,17	19,36	19,55	19,75
Plus gardas	129,08	130,37	131,68	133,00
Plus formación	7,67	7,74	7,82	7,90

Seguro vida				
Mort.ou invalidez total enfer. común.	21.113,99	21.325,13	21.538,38	21.753,76
Mort. ou invalidez total accide laboral	32.632,47	32.958,80	33.288,39	33.621,27
Accte tráfico	44.150,97	44.592,48	45.038,41	45.488,79

ANEXO IV**PREMIO DE CONSTANCIA****2020****ANEXO IV**

CATEGORÍA	10 anos	15 anos	20 anos	25 anos	30 anos	35 anos	40 anos	45 anos
TCO/A XEFE	3.608,84	5.604,90	7.473,19	9.341,49	11.209,79	13.078,09	14.946,39	16.814,69
TCO/A SUPERIOR	3.129,70	4.860,74	6.480,99	8.101,23	9.721,48	11.341,73	12.961,97	14.582,22
TCO/A MEDIO	2.744,35	4.262,25	5.683,00	7.103,75	8.524,50	9.945,25	11.366,00	12.786,75
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.826,89	4.390,45	5.853,94	7.317,42	8.780,91	10.244,39	11.707,88	13.171,36
XEFE/A DE LABORATORIO	2.477,21	3.847,36	5.129,81	6.412,26	7.694,72	8.977,17	10.259,62	11.542,08
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.477,21	3.847,36	5.129,81	6.412,26	7.694,72	8.977,17	10.259,62	11.542,08
XEFE/A DE SECCIÓN	2.477,21	3.847,36	5.129,81	6.412,26	7.694,72	8.977,17	10.259,62	11.542,08
ENCARGADO/A	2.266,01	3.519,35	4.692,46	5.865,58	7.038,69	8.211,81	9.384,92	10.558,04
CAPATAZ	2.231,45	3.465,67	4.620,89	5.776,11	6.931,34	8.086,56	9.241,78	10.397,01
CONTR. DIST. LEIT.	2.091,11	3.247,71	4.330,27	5.412,84	6.495,41	7.577,98	8.660,55	9.743,12
OFICIAL/A LABORATORIO	2.034,18	3.159,30	4.212,39	5.265,49	6.318,59	7.371,69	8.424,79	9.477,89
AUX. LABORATORIO	1.745,82	2.711,44	3.615,25	4.519,06	5.422,87	6.326,69	7.230,50	8.134,31
XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.675,16	4.154,80	5.539,73	6.924,67	8.309,60	9.694,53	11.079,47	12.464,40
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.581,19	4.008,86	5.345,14	6.681,43	8.017,71	9.354,00	10.690,28	12.026,57
OF. 1ª ADMTVO	2.231,45	3.465,67	4.620,89	5.776,11	6.931,34	8.086,56	9.241,78	10.397,01
OF. 2ª ADMTVO	2.034,18	3.159,30	4.212,39	5.265,49	6.318,59	7.371,69	8.424,79	9.477,89
AUXILIAR ADMTVO.	1.745,82	2.711,44	3.615,25	4.519,06	5.422,87	6.326,69	7.230,50	8.134,31
TELEFONISTA	1.800,80	2.796,83	3.729,11	4.661,38	5.593,66	6.525,94	7.458,21	8.390,49
ESPECIALISTA 1ª	1.866,91	2.899,50	3.865,99	4.832,49	5.798,99	6.765,49	7.731,99	8.698,49
ESPECIALISTA 2ª	1.832,16	2.845,54	3.794,05	4.742,56	5.691,08	6.639,59	7.588,10	8.536,62
OFICIAL/A 1ª OOVV	1.866,91	2.899,50	3.865,99	4.832,49	5.798,99	6.765,49	7.731,99	8.698,49
OFICIAL/A 2ª OOVV	1.832,16	2.845,54	3.794,05	4.742,56	5.691,08	6.639,59	7.588,10	8.536,62
ALMACENEIRO/A	1.803,34	2.800,78	3.734,37	4.667,96	5.601,55	6.535,14	7.468,74	8.402,33

2021**ANEXO IV**

CATEGORÍA	10 anos	15 anos	20 anos	25 anos	30 anos	35 anos	40 anos	45 anos
TCO/A XEFE	3.644,93	5.660,94	7.547,93	9.434,91	11.321,89	13.208,87	15.095,85	16.982,83
TCO/A SUPERIOR	3.160,99	4.909,35	6.545,80	8.182,25	9.818,69	11.455,14	13.091,59	14.728,04
TCO/A MEDIO	2.771,79	4.304,87	5.739,83	7.174,79	8.609,74	10.044,70	11.479,66	12.914,61
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.855,16	4.434,36	5.912,48	7.390,60	8.868,72	10.346,84	11.824,96	13.303,07

XEFE/A DE LABORATORIO	2.501,98	3.885,83	5.181,11	6.476,39	7.771,66	9.066,94	10.362,22	11.657,50
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.501,98	3.885,83	5.181,11	6.476,39	7.771,66	9.066,94	10.362,22	11.657,50
XEFE/A DE SECCIÓN	2.501,98	3.885,83	5.181,11	6.476,39	7.771,66	9.066,94	10.362,22	11.657,50
ENCARGADO/A	2.288,67	3.554,54	4.739,39	5.924,23	7.109,08	8.293,93	9.478,77	10.663,62
CAPATAZ	2.253,76	3.500,33	4.667,10	5.833,88	7.000,65	8.167,43	9.334,20	10.500,98
CONTR. DIST. LEIT.	2.112,02	3.280,18	4.373,58	5.466,97	6.560,37	7.653,76	8.747,16	9.840,55
OFICIAL/A LABORATORIO	2.054,53	3.190,89	4.254,52	5.318,15	6.381,78	7.445,41	8.509,04	9.572,66
AUX. LABORATORIO	1.763,28	2.738,55	3.651,40	4.564,25	5.477,10	6.389,95	7.302,80	8.215,65
XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.701,91	4.196,35	5.595,13	6.993,91	8.392,70	9.791,48	11.190,26	12.589,04
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.607,01	4.048,95	5.398,59	6.748,24	8.097,89	9.447,54	10.797,19	12.146,84
OF. 1ª ADMTVO	2.253,76	3.500,33	4.667,10	5.833,88	7.000,65	8.167,43	9.334,20	10.500,98
OF. 2ª ADMTVO	2.054,53	3.190,89	4.254,52	5.318,15	6.381,78	7.445,41	8.509,04	9.572,66
AUXILIAR ADMTVO.	1.763,28	2.738,55	3.651,40	4.564,25	5.477,10	6.389,95	7.302,80	8.215,65
TELEFONISTA	1.818,81	2.824,80	3.766,40	4.708,00	5.649,60	6.591,19	7.532,79	8.474,39
ESPECIALISTA 1ª	1.885,57	2.928,49	3.904,65	4.880,82	5.856,98	6.833,14	7.809,31	8.785,47
ESPECIALISTA 2ª	1.850,49	2.873,99	3.831,99	4.789,99	5.747,99	6.705,99	7.663,98	8.621,98
OFICIAL/A 1ª OOVV	1.885,57	2.928,49	3.904,65	4.880,82	5.856,98	6.833,14	7.809,31	8.785,47
OFICIAL/A 2ª OOVV	1.850,49	2.873,99	3.831,99	4.789,99	5.747,99	6.705,99	7.663,98	8.621,98
ALMACENEIRO/A	1.821,38	2.828,78	3.771,71	4.714,64	5.657,57	6.600,50	7.543,42	8.486,35

2022

ANEXO IV

CATEGORÍA	10 anos	15 anos	20 anos	25 anos	30 anos	35 anos	40 anos	45 anos
TCO/A XEFE	3.681,38	5.717,55	7.623,41	9.529,26	11.435,11	13.340,96	15.246,81	17.152,66
TCO/A SUPERIOR	3.192,60	4.958,44	6.611,25	8.264,07	9.916,88	11.569,70	13.222,51	14.875,32
TCO/A MEDIO	2.799,51	4.347,92	5.797,23	7.246,53	8.695,84	10.145,15	11.594,45	13.043,76
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.883,71	4.478,70	5.971,60	7.464,50	8.957,40	10.450,30	11.943,20	13.436,11
XEFE/A DE LABORATORIO	2.527,00	3.924,69	5.232,92	6.541,15	7.849,38	9.157,61	10.465,84	11.774,07
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.527,00	3.924,69	5.232,92	6.541,15	7.849,38	9.157,61	10.465,84	11.774,07
XEFE/A DE SECCIÓN	2.527,00	3.924,69	5.232,92	6.541,15	7.849,38	9.157,61	10.465,84	11.774,07
ENCARGADO/A	2.311,56	3.590,09	4.786,78	5.983,48	7.180,17	8.376,87	9.573,56	10.770,26
CAPATAZ	2.276,30	3.535,33	4.713,77	5.892,21	7.070,66	8.249,10	9.427,54	10.605,99
CONTR. DIST. LEIT.	2.133,14	3.312,99	4.417,31	5.521,64	6.625,97	7.730,30	8.834,63	9.938,96
OFICIAL/A LABORATORIO	2.075,07	3.222,80	4.297,06	5.371,33	6.445,59	7.519,86	8.594,13	9.668,39

AUX. LABORATORIO	1.780,91	2.765,94	3.687,92	4.609,89	5.531,87	6.453,85	7.375,83	8.297,81
XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.728,93	4.238,31	5.651,08	7.063,85	8.476,62	9.889,39	11.302,16	12.714,93
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.633,08	4.089,43	5.452,58	6.815,72	8.178,87	9.542,01	10.905,16	12.268,30
OF. 1ª ADMTVO	2.276,30	3.535,33	4.713,77	5.892,21	7.070,66	8.249,10	9.427,54	10.605,99
OF. 2ª ADMTVO	2.075,07	3.222,80	4.297,06	5.371,33	6.445,59	7.519,86	8.594,13	9.668,39
AUXILIAR ADMTVO.	1.780,91	2.765,94	3.687,92	4.609,89	5.531,87	6.453,85	7.375,83	8.297,81
TELEFONISTA	1.837,00	2.853,05	3.804,06	4.755,08	5.706,09	6.657,11	7.608,12	8.559,14
ESPECIALISTA 1ª	1.904,43	2.957,78	3.943,70	4.929,63	5.915,55	6.901,48	7.887,40	8.873,33
ESPECIALISTA 2ª	1.868,99	2.902,73	3.870,31	4.837,89	5.805,47	6.773,05	7.740,62	8.708,20
OFICIAL/A 1ª OOVV	1.904,43	2.957,78	3.943,70	4.929,63	5.915,55	6.901,48	7.887,40	8.873,33
OFICIAL/A 2ª OOVV	1.868,99	2.902,73	3.870,31	4.837,89	5.805,47	6.773,05	7.740,62	8.708,20
ALMACENEIRO/A	1.839,59	2.857,07	3.809,43	4.761,79	5.714,14	6.666,50	7.618,86	8.571,22

2023

ANEXO IV

CATEGORÍA	10 anos	15 anos	20 anos	25 anos	30 anos	35 anos	40 anos	45 anos
TCO/A XEFE	3.718,19	5.774,73	7.699,64	9.624,55	11.549,46	13.474,37	15.399,28	17.324,19
TCO/A SUPERIOR	3.224,53	5.008,03	6.677,37	8.346,71	10.016,05	11.685,39	13.354,73	15.024,08
TCO/A MEDIO	2.827,50	4.391,40	5.855,20	7.319,00	8.782,80	10.246,60	11.710,40	13.174,20
XEFE/A DE FABRICACIÓN	2.912,55	4.523,49	6.031,32	7.539,15	9.046,98	10.554,81	12.062,64	13.570,47
XEFE/A DE LABORATORIO	2.552,27	3.963,94	5.285,25	6.606,56	7.927,87	9.249,19	10.570,50	11.891,81
XEFE/A DE C. LEITEIRO	2.552,27	3.963,94	5.285,25	6.606,56	7.927,87	9.249,19	10.570,50	11.891,81
XEFE/A DE SECCIÓN	2.552,27	3.963,94	5.285,25	6.606,56	7.927,87	9.249,19	10.570,50	11.891,81
ENCARGADO/A	2.334,67	3.625,99	4.834,65	6.043,31	7.251,97	8.460,63	9.669,30	10.877,96
CAPATAZ	2.299,06	3.570,68	4.760,91	5.951,14	7.141,36	8.331,59	9.521,82	10.712,05
CONTR. DIST. LEIT.	2.154,47	3.346,11	4.461,49	5.576,86	6.692,23	7.807,60	8.922,97	10.038,34
OFICIAL/A LABORATORIO	2.095,82	3.255,03	4.340,03	5.425,04	6.510,05	7.595,06	8.680,07	9.765,08
AUX. LABORATORIO	1.798,72	2.793,60	3.724,79	4.655,99	5.587,19	6.518,39	7.449,59	8.380,79
XEFE/A DE 1ª ADMTVO.	2.756,22	4.280,69	5.707,59	7.134,49	8.561,39	9.988,29	11.415,18	12.842,08
XEFE/A DE 2ª ADMTVO.	2.659,41	4.130,33	5.507,11	6.883,88	8.260,66	9.637,43	11.014,21	12.390,99
OF. 1ª ADMTVO	2.299,06	3.570,68	4.760,91	5.951,14	7.141,36	8.331,59	9.521,82	10.712,05
OF. 2ª ADMTVO	2.095,82	3.255,03	4.340,03	5.425,04	6.510,05	7.595,06	8.680,07	9.765,08
AUXILIAR ADMTVO.	1.798,72	2.793,60	3.724,79	4.655,99	5.587,19	6.518,39	7.449,59	8.380,79
TELEFONISTA	1.855,37	2.881,58	3.842,10	4.802,63	5.763,15	6.723,68	7.684,20	8.644,73

ESPECIALISTA 1ª	1.923,47	2.987,35	3.983,14	4.978,92	5.974,71	6.970,49	7.966,28	8.962,06
ESPECIALISTA 2ª	1.887,68	2.931,76	3.909,02	4.886,27	5.863,52	6.840,78	7.818,03	8.795,28
OFICIAL/A 1ª OOVV	1.923,47	2.987,35	3.983,14	4.978,92	5.974,71	6.970,49	7.966,28	8.962,06
OFICIAL/A 2ª OOVV	1.887,68	2.931,76	3.909,02	4.886,27	5.863,52	6.840,78	7.818,03	8.795,28
ALMACENEIRO/A	1.857,99	2.885,64	3.847,52	4.809,40	5.771,29	6.733,17	7.695,05	8.656,93

Lugo, 12 de xullo de 2021.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2126

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS, E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA

Por Decreto desta Alcaldía de data 2 de xullo de 2021, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2021, por importe de //2.032,00 €///.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 5 de agosto de 2021 ao 5 de outubro de 2021.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 5 de xullo de 2021.-O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2127

LOURENZÁ

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2021, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 01 de outubro de 2021, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 12 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2128

LUGO

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, por Acordo núm. 14/435, de data 07 de xullo de 2021, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2020-2022, así como a actualización do mesmo para á anualidade 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 10/238, de data 28/04/2021, se proceda á convocatoria para o exercicio 2021 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido de deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social) e para o desenvolvemento de programas e actividades deportivas de interese xeral e sectorial e para o fomento do deporte e actividade física de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 317.000 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Departamento de Deportes con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerá polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DE DEPORTES (ÁREA DE COHESION E DINAMIZACION SOCIAL) E PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO ECONÓMICO 2021.**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cohesión e Dinamización Social, ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2021, de programas e actividades que beneficien a colectivos no eido de deportes nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades, así como a Entidades e Clubs deportivos que desenvolvan eventos de **carácter específico** no Concello de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva dentro das disciplinas deportivas federadas. Será requisito indispensable que o evento se desenvolva **presencialmente dentro do término municipal** (non se admiten eventos realizados mediante plataforma dixital ou similar).

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe "gastos subvencionables".

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b. As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.
- c. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d. Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e. Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f. Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido do deporte.
- g. Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de deportes realizada pola Área de Cohesión e Dinamización Social.
- h. Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2021, **para a mesma finalidade da actividade para a que se solicita a subvención**.
- i. Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
- j. Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30-06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Deportes	34100.48900	317.000 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2915, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal "**considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación**".

A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse na páxina web do Concello de Lugo e no Taloleiro de Anuncios (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
2. Fotocopia do NIF/CIF da Entidade.
3. Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.

4. No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha memoria explicativa, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación, tendo en conta o disposto no artigo 13.
5. No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberase xuntar unha memoria, segundo o ANEXO III, no que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade, tendo en conta o disposto no artigo 13.
6. Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:
 - Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola Entidade solicitante por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 - De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 - De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
 - De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 - De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 - De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.
7. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía solicitada Entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.
8. Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
9. Certificado oficial da federación no que deben figurar os seguintes datos:
 - Número de licenzas ou deportistas federadas/os
 - Categoría na que militan os diferentes equipos.
 - Indicación de equipos femininos e masculinos.
 - Indicación, de ser o caso, de licencias de persoas discapacitadas.

Todos os datos deportivos serán referidos á tempada subvencionada (2021 ou de ser o caso 2020/2021, segundo corresponda).

10. Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

So se admitirán documentos en arquivo de imaxe (jpg o similar) aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteles ou similares.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVIRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Departamento de Deportes.

O procedemento instruírse no Servizo de Deportes, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019

Comisión avaliadora:

1. Composición:

- a. Presidenta/e: Fernando Timiraos Carrasco, funcionario da Sección de Deportes.
- b. Vogal: Manuel Antonio Trabada Gómez, funcionario da Sección de Deportes.
- c. Secretaria: María García Ferro, Sra. Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

2. Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor: funcións:

- a. Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- b. Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- c. Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederá á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN XERAIS PARA AS ENTIDADES CON DEPORTISTAS FEDERADOS		
CONCEPTO	DESCRIPCIÓN CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Número de licenzas federativas (mínimo 10 e máximo 300)	Licenzas federativas tramitadas pola entidade na tempada subvencionada. O club que dispoña do máximo nº de licenzas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional	30 puntos
Número de licenzas federativas femininas	Licenzas femininas federativas tramitadas pola entidade na tempada subvencionada. O club que dispoña do máximo nº de licenzas femininas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional	5 puntos
Número de licenzas federativas deportistas con discapacidade	Licenzas federativas de deportistas con discapacidade tramitadas pola entidade na tempada subvencionada. O club que dispoña do máximo nº de licenzas con persoas con diversidade funcional obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	5 puntos
Por número de equipos participantes en Ligas Nacionais	En Ligas Nacionais o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas Nacionais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	12 puntos
Por número de equipos participantes en Ligas Galegas	En Ligas Galegas o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas Galegas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	8 puntos
Por número de equipos participantes en Ligas Provinciais	En Ligas Provinciais o club que dispoña do máximo nº de equipos en Ligas Provinciais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	4 puntos
Por número de deportistas participantes en Campionatos de España a nivel individual Cada deportista computará un máximo de unha participación na tempada	En Campionatos de España O club que participe co máximo nº de licenzas nacionais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	12 puntos
Por número de deportistas participantes en Campionatos Autonómicos Galegos a nivel individual Cada deportista computará un máximo de unha participación na tempada	En Campionatos Autonómicos Galegos o club que participe co máximo nº de licenzas galegas obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	8 puntos
Por número de deportistas participantes en Campionatos Autonómicos Provinciais a nivel individual Cada deportista computará un máximo de unha participación na tempada	En Campionatos Provinciais o club que participe co máximo nº de licenzas Provinciais obterá a máxima puntuación, e o resto de xeito directamente proporcional.	4 puntos

CRITERIOS DE VALORACIÓN POR ORGANIZACIÓN DE EVENTO FEDERADO		
Por organización dun evento federado de Nivel nacional	Evento nacional cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades de fora de Galicia do 50%	5 puntos
Por organización dun evento federado Nivel autonómico	Evento autonómico cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades de fora da provincia de Lugo do 50%	3 puntos
Por organización dun evento federado Nivel Provincial	Evento provincial cunha participación mínima de deportistas con licenza federativa de entidades do municipio de Lugo do 50%	1 puntos
Por consolidación de un evento federado organizado por consolidación	Ata 5 anos	1 puntos
	Mais de 5 anos	3 puntos
	Mais de 10 anos	5 puntos
Por número de participantes na organización dun Evento federado organizado (mínimo 25 participantes)	Ata 100 participantes	1 puntos
	Ata 200 participantes	3 puntos
	Mais de 200 participantes	5 puntos

En relación ao aeventos establécese un **MÁXIMO DE 1 EVENTO POR ENTIDADE**, e un **importe mínimo de 300 € e un máximo de 2.000 €**. **Non percibirán subvención aqueles eventos que non acaden a puntuación necesaria para obter un mínimo de 300 € nin percibirán en ningún caso un importe superior a 2.000 €**.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas. O valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado, conforme á consignación establecida no artigo 3, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, respectando, en todo caso, os máximos e os mínimos establecidos nesta convocatoria.

Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobranste, de ser o caso, distribuírase con idéntico criterio, sendo admisible excepcionalmente un único prorrateo.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Consideranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.
2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: Alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestuario, prestación de servizos deportivos e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, gastos de tramitación administrativa a través de servizos profesionais, etc. No caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.
4. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
5. Non terán a consideración de evento a organización de ligas regurales, controis deportivos, toma de tempos, fases de competición deportivas, xornadas de portas abertas, cursos deportivos formativos, clínic ou similares.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 4 (forma de presentación de solicitudes), dirixido ao Departamento/Servizo de Deportes, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

- a. **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. A relación de gastos mencionada, ademais de presentala debidamente asinada e no formato que corresponda, deberá adxuntarse obrigatoriamente en formato editable (word, excel ou similar).

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

- b. Calendario oficial da actividade subvencionada.
- c. No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar **un informe explicativo destas**, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.
- d. **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento de Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

- e. Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:
 1. Das subvencións ou axudas recibidas doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade da actividade para a que se solicita a subvención.
 2. Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
 3. Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
 4. Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- 5. Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
- 6. Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).
- f. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.
- g. No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteles ou similares..

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. **As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.**

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe justificado non acade **o 50% do importe** concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- a. A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- b. Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- c. Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- d. Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- e. Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2021.
- f. Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2021.**

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a. Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.
- b. Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.
4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:
 - a. O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.
 - b. O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV, V, VI e VII.

Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I,II,III e IV:

ANEXO I.-Modelo normalizado de Solicitude de subvención

ANEXO II.- Modelo Normalizado de proxecto a cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.-Modelo Normalizado para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.


ANEXO IV.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS V, VI, VII :

ANEXO V.- Modelo Normalizado de Memoria constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Modelo Normalizado de Memoria cos ingresos e gastos levados a cabo en mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

 CONCELLO DE LUGO			
ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓN DEPORTIVAS OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DOS SERVIZOS DE DEPORTES OU PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE. EJERCICIO ECONÓMICO 2021.			
DATOS DA ENTIDADE:			
DENOMINACIÓN SOCIAL:			CIF:
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO: LUGO	PROVINCIA: LUGO
CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE.

CARGO NA ENTIDADE:	
NOME E APELIDOS	NIF:
CORREO ELECTRONICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	
IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (EN EUROS)	

DATOS DA ACTIVIDADE PARA O QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

ACTIVIDADE COMPETITIVA:
EVENTO, NO SEU CASO:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo,....de de

SINATURA,

Asdo:

(Selo da Entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

1. Solicitud, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
2. Fotocopia do NIF/CIF da Entidade.
3. Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado da representación na entidade ou asociación solicitante.
4. Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:
 - a) Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola Entidade solicitante por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 - b) De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 - c) De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
 - d) De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 - e) De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 - f) De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.
5. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía solicitada Entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.
6. Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
7. Certificado oficial da federación no que deben figurar os seguintes datos:
 - a) Número de licenzas ou deportistas federadas/os
 - b) Categoría na que militan os diferentes equipos.
 - c) Indicación de equipos femininos e masculinos.
 - d) Indicación, de ser o caso, de licencias de persoas discapacitadas.

(todos os datos deportivos serán referidos á tempada que se subvenciona (2021 ou 2020/2021, segundo corresponda).

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

Cando os obxectivos das subvencións sexan programas de actividades/evento:

- a) Memoria do programa de actividades, relación gastos/ingresos (**ANEXO II**)

Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento:

- b) Memoria da necesidade do gasto (**ANEXO III**).

ANEXO IIMODELO NORMALIZADO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2021

DENOMINACIÓN:
DENOMINACIÓN EVENTO (NO SEU CASO):
DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS (detallar exactamente):
- En qué consiste a actividade/evento para a que se solicita a subvención:
- Interese xeral desta:
- Carácter permanente e continuo da actividade ou programa:
- Orixinalidade e carácter innovador, de ser o caso:
- Que se trata de actuacións dirixidas a colectivos no eido de deportes:

- Obxectivos que persegue:
- Colectivo ao que se dirixen as actuacións:
- Breve explicación dos motivos da actividade/evento
Especialización na atención aos colectivos aos que vai dirixida a actividade
- Número de persoas destinatarias (persoas beneficiarias directas):
- Idade aproximada das persoas beneficiarias:
- Especificar o número de homes e o de mulleres:
- Calendario/ Duración da actividade/evento:

- Lugar previsto para a realización das actuacións:

DATOS DO EVENTO (CUBRIR NO CASO DE EVENTO DEPORTIVO)	
	Completar o que proceda:
NIVEL TERRITORIAL DO EVENTO (nacional, autonómico ou provincial)	
CONSOLIDACIÓN TEMPORAL DO EVENTO	
Número de participantes na organización do Evento federado organizado.	

- Recursos previstos para a execución do proxecto:
a) Recursos materiais:
b) Recursos humanos:
c) Recursos económicos (relación totalizada de ingresos: subvencións/ achega socias/os,etc. da actividade subvencionada)

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:	

<u>TOTAL GASTOS</u>	

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR	
<u>TOTAL INGRESOS</u>	

- Memoria para actividades deportivas:			
1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN			
(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)			
EQUIPO	CATEGORÍA	N.º FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			

2. LICENZAS DEPORTISTAS MUTUALIZADAS/OS EN IDADE ESCOLAR			
EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			
3. OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS			
4. ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE PRETENDE ORGANIZAR NO ANO E SUBVENCIÓN QUE PRECISARÍA			

Lugo, a ____ de _____ do _____

SINATURA,

Asdo:

(Selo da Entidade)

ANEXO IIIMODELO NORMALIZADO DE PROXECTO A CUBRIR POLAS PERSOAS SOLICITANTES DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACÍONS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO 2020.

-Breve explicación do gasto proposto:
- Xustificación da necesidade do gasto
- Breve descrición das actividades que a entidade vai desenvolver durante o presente exercicio económico:
a) Localización:
- Breve descrición do local onde se vai facer o gasto (núm. de m ² . núm. de habitáculos, distribución)
b) Equipamento actual:

c) Réxime de posesión ou tenza do local:

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:

<u>TOTAL GASTOS</u>	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR.

<u>TOTAL INGRESOS</u>	

Lugo, ____ de _____
SINATURA,

Asdo:
(Selo da Entidade)

ANEXO IVMODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a _____ provista/o do NIF nº _____ en calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de _____ con enderezo social en _____, de Lugo e con CIF nº _____.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma finalidade** da actividade para a que solicita a subvención.

SI (indicar procedencia e contía)

NON

ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA RECIBIDA

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.- Que esta entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.

Lugo, ____ de _____

SINATURA,

Asdo:

(Selo da Entidade)

ANEXO V (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)**MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA QUE SE LEVOU A CABO DURANTE 2020.**

- Denominación:
- Descrición pormenorizada das actuacións levadas a cabo (en que consistiu exactamente a actividade para a que se lle concedeu a subvención):
- Interese xeral desta.
- Explicar, de ser o caso, carácter permanente e continuo da actividade ou programa.
- Explicar, de ser o caso, orixinalidade e carácter innovador
- Explicar que se trata de actuacións dirixidas a colectivos no eido do deporte.
- Explicar e enumerar todos e cada un dos obxectivos acadados
- Colectivo ao que se dirixiron as actuacións:
Especialización na atención aos colectivos aos que se dirixiu a acción subvencionada:

- Número de destinatarias/os (persoas beneficiarias directas):
- Idade aproximada das persoas beneficiarias que participaron no desenvolvemento da acción subvencionada
- Especificar o número de homes e o de mulleres que participaron
- Calendario/ Duración do proxecto:
- Lugar no que se desenvolveron as actuacións:
- Recursos utilizados para a execución do proxecto:
a) Materiais:
b) Humanos:
c) Económicos (subvencións/achega socias/os):

O orzamento presentado no seu día ascendía a_____€

O orzamento realmente executado ascende a_____€

Existe (marque cunha cruz a opción que proceda):

SI

NON

unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de_____€.

En caso afirmativo especificar os **motivos**:

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

<u>TOTAL GASTOS</u>	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR:

<u>TOTAL INGRESOS</u>	

RELACIÓN DE GASTOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE (o seu importe total deberá coincidir co importe total do orzamento detallado de gastos)					
DATA	Nº	ACREEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO

- Memoria para actividades deportivas:			
1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN			
(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)			
EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			
2.DESPRAZAMENTOS (engadir copia calendarios oficiais)			
DATA	MOTIVO E LUGAR DE DESPRAZAMENTO		

3. CLASIFICACIÓN DEPORTIVA ACADADA		
EQUIPO	CATEGORÍA	CLASIFICACIÓN

Lugo, a ____ de _____ de ____

SINATURA,

Asdo:

(Selo da Entidade)

ANEXO VI (XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN)**MODELO NORMALIZADO DE ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE MANTEMENTO CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO ECONÓMICO 2020.**

<p>Breve descrição do gasto en mantemento e reparacións:</p>
<p>Enumerar e explicar pormenorizadamente todos e cada un do obxectivos cumpridos</p>
<p>NÚMERO DE BENEFICIARIAS/OS:</p> <p>Nº homes:</p> <p>Nº mulleres:</p>
<p>Breve descrição das actividades desenvolvidas pola entidade durante o ano natural</p>

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIÓNADA:	
TOTAL GASTOS	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS OBTIDOS PARA A FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:	
<u>TOTAL INGRESOS</u>	

Lugo, a ____ de _____ de _____

SINATURA,

Asdo:

(Selo da Entidade)

ANEXO VII (XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN)**MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D.^a/D. provisto do NIF nº en
 calidade de (presidenta/e, secretaria/o) de con enderezo social
 en de Lugo e con CIF nº

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras Administracións ou Entidade, públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade da actividade para a que se solicita a subvención.

- SI*
- NON

*Ata o día de hoxe e referidas á mesma finalidade da actividade para a que se solicita a subvención, esta entidade solicitou/recibiu subvención/axuda (indicar procedencia e contía) por parte de:

ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7.- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao ano 2020.

Lugo, a ____ de _____ de _____

SINATURA,

Asdo:(Selo da Entidade)

CUARTO: Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO: Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEXTO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- **Recurso de reposición**, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houbese resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

- **Recurso Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 13 de xullo de 2021.- O CONCELEIRO DELEGADO, MAURICIO REPETTO MORBAN.

R. 2137

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO CONTA XERAL 2020

Con data do 8 de xullo de 2021, a Comisión de Facenda e Especial de Contas ditaminou a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2020, que se expón ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Secretaría do Concello durante por espazo de quince días para que, durante ese prazo e os oito días seguintes, os interesados poidan presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por R.Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Negueira de Muñiz, 12 de xullo de 2021.- O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda .

R. 2129

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón LIXO NO RURAL XANEIRO – XUÑO/2021.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 12/07/2021 ata o 13/09/2021.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas costas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 2 de xullo de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2130

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **8 de xullo de 2021** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xuño de 2021**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, a 8 de xullo de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2131

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 08 de xullo de 2021, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2021**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de agosto de 2021 ó día 30 de setembro de 2021, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 08 de xullo de 2021.- O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 2132

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de Piquín, de data 8 de xullo de 2021, aprobáronse as seguintes bases e a convocatoria de axudas a empresas a través de incentivos á contratación temporal do alumnado do obradoiro dual de emprego "O Castro VI":

"BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, "O CASTRO VI", PROMOVIDO POLO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE CASTROVERDE, POL, RIOTORTO E A PASTORIZA, PARA A ESPECIALIDADE DE: "ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES".

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2020 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2. O Concello de Ribeira de Piquín, xunto cos Concellos de Castroverde, Pol, Riotorto e A Pastoriza, está a desenvolver un obradoiro dual de emprego "O CASTRO VI", sendo o Concello de Ribeira de Piquín o promotor e representante.

O obradoiro dual de emprego "O CASTRO VI" iniciou a súa actvidade o día 15/12/2020 e remata o vndeiro 14/09/2021.

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, concedeu unha subvención por importe de 9.000,00 euros para incentivos á contratación, para a especialidade de "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes".

Anualidade	Nº de contratos	Importe subvención
2021	6	6 x 1.500 € = 9.000,00 €

3. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

4. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para a ocupación do ámbito da especialidade de "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" impartida no obradoiro de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do obradoiro dual de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) En ningún caso poderán obter a condición de entidades beneficiarias as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria no caso de non estar ao corrente coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.
5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3, 4 e 5 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable (Anexo 1).

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500 € por cada traballador/a**, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.
3. A subvención outorgarase con cargo á aplicación orzamentaria 241.470.

Artigo 4. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estado dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (EU) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa

solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015 , do 23 de outubro.

Artigo 5. Prazos e solicitudes.

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse **no prazo de un (1) mes** a contar desde o día seguinte á publicación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencimiento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade, así como do representante legal no seu caso.

b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo I.

c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, segundo o modelo do anexo I.

d) Certificado de situación censal expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.

e) Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria onde, de ser o caso, se lle transferirá o importe da subvención concedida.

Só se poderá presentar unha solicitude por entidade.

Artigo 6. Xustificación e pago.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación para presentar é a seguinte:

a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin perclbiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo de anexo II.

b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.

c) Copia dos partes de alta na seguridade social xunto co informe de datos da cotización.

d) Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, estar ao día no cumprimento das abrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nin coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro, fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 7. Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.

2. Manter entre o seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por

dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 8. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregados dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro e expediente completo do Concello de Ribeira de Piquín, e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (EU) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratamento de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 9. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dicte resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se dicten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 10. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, aisladamente ou en concorrencia con outras poidan supera os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cese a súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 12. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu

ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificada da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e a denominación da subvención concedida.

Ribeira de Piquín, a 7 de xullo de 2021.- O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 2133

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - CONCELLO DE LUGO

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ANIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE NO ÁMBITO DE DEPORTES (ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL), EXERCICIO 2021

BDNS (Identif.): 574956

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/574956>)

BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES DEPORTIVAS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ANIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE NO ÁMBITO DE DEPORTES (ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL), EXERCICIO 2021

LUGO, 13 de xullo de 2021.- CONCELLEIRO DELEGADO, MAURICIO REPETTO MORBAN.

R. 2138

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/27994

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 15 de junio de 2021 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Luis Rodríguez López y Edita Pérez Pérez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0106 l/s de agua procedente de un pozo situado en el lugar de Campo Redondo, parroquia de Paradela (San Miguel), en el término municipal de Paradela (Lugo) para riego de 0,1336 has.

Lugo, 12 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2134

Anuncio

Expediente: A/27/23028

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 15 de junio de 2021 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Comunidad de Regantes de Coto, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,05 l/s de agua procedente del arroyo de Vezcas o Tras da Pena, en el lugar de Lagares, parroquia de Santalla de Alfoz (Santalla), T.M. de Triacastela (Lugo) para riego de 0,7786 Ha.

Lugo, 12 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2135